


PROXECTO

MELLORA DA SINALIZACIÓN E DAS INFRAESTRUTURAS
TURÍSTICAS NO CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN
(NOGUEIRA DE RAMUÍN, OURENSE)

PROMOTOR DA AGTUACIÓN:	EQUIPO REDACTOR:
 <p data-bbox="212 1888 798 1910">CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN</p>	<p data-bbox="922 1823 1273 1870">CELSO HUGO BARBA SEARA ARQUEÓLOGO</p> <p data-bbox="932 1888 1264 1924">DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE CERTIFICADO AC FNMT – 44.455.896-R–</p>

28 DE SETEMBRO DE 2021

TÁBOA DE CONTIDOS

1.	FICHA TÉCNICA.....	4
2.	ANTECEDENTES	5
3.	XUSTIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS PROPOSTAS	10
4.	SITUACIÓN DAS ACTUACIÓNS PROPOSTAS	12
5.	ESTADO ACTUAL.....	22
6.	MEMORIA DESCRIPTIVA	38
6.1.	TIPOLOXÍA DA SINALIZACIÓN DE ACCESO	40
6.2.	TIPOLOXÍA DA SINALIZACIÓN DE RECURSO	42
6.3.	ACTUACIÓNS SINGULARES.....	45
7.	SOLUCIÓN ADOPTADA.....	46
7.1.	EMBARCADIOIRO DE SANTO ESTEVO	47
7.2.	IGREXA DE SAN MARTIÑO DE NOGUEIRA.....	49
7.3.	IGREXA DE SAN CRISTOVO DE ARMARIZ	51
7.4.	DESVÍO A NOGUEIRA DE RAMUÍN DENDE A N-120.....	53
7.5.	MIRADIOIRO DE PENEDOS DO CASTRO	55
7.6.	ROTONDA EN LUINTRA	57
7.7.	ÁREA DE DESCANSO DA RUTA MAQUINO LARGAÑO	59
7.8.	NECRÓPOLE MEGALÍTICA DE MÁMOAS DA MOURA	61
7.9.	CONXUNTO ETNOGRÁFICO DE FONTEFRÍA	63
7.10.	VÍA DE ACCESO AO BIC STO ESTEVO DE RIBAS DE SIL.....	65
8.	ESPECIFICACIÓNS	67
9.	ORZAMENTO	68


1. FICHA TÉCNICA

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN:
PROXECTO DE MELLORA DA SINALIZACIÓN E DAS INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS NO CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN (NOGUEIRA DE RAMUÍN, OURENSE)

TIPO DE ACTUACIÓN: actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, segundo a convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TU503D)	EMPRAZAMENTO DA ACTUACIÓN: Concello de Nogueira de Ramuín, Ourense <ul style="list-style-type: none">▪ Embarcadero Santo Estevo▪ Igrexa de San Martiño de Nogueira▪ Igrexa de San Cristovo de Armariz▪ Desvío a Nogueira dende a N-120▪ Miradoiro de Penedos do Castro▪ Rotonda en Luintra▪ Área de descanso da Ruta Maquino Largaño▪ Necrópole megalítica de Mámoas da Moura▪ Conxunto etnográfico de Fontefría▪ Embelecemento da vía de acceso ao BIC Parador de Santo Estevo de Ribas de Sil (pavementación)
--	--

CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA: NON PROCEDE	PRAZO DE EXECUCIÓN: 4 MESES
---	---------------------------------------

ORZAMENTO SUBVENCIONABLE: 30.000 €	ORZAMENTO + IVE: 30.000 € (24.793,39 € + 5.206,61 €)
--	--

PROMOTOR DO PROXECTO EXECUTIVO:  CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN	EQUIPO REDACTOR: CELSD HUGO BARBA SEARA LICENCIADO EN HISTORIA E ARQUEÓLOGO
---	--

2. ANTECEDENTES

O proxecto que a continuación se expón foi encargado polo *Concello de Nogueira de Ramuín*, promotor da obra, en setembro de 2021. Trátase dun **Proxecto de mellora da sinalización e das infraestruturas turísticas no Concello de Nogueira de Ramuín (Nogueira de Ramuín, Ourense)**, asinado polo equipo redactor, encabezado polo *arqueólogo* Celso Hugo Barba Seara; situado dentro do ámbito de afección da normativa municipal do concello de Nogueira de Ramuín, dentro da provincia de Ourense.

As actuacións contempladas neste documento serán acometidas grazas á financiación subvencionable prevista na Resolución da *Axencia de Turismo de Galicia* da *Xunta de Galicia*¹ para as actuacións de mellora das infraestruturas turísticas mediante o fomento da recuperación, da accesibilidade e da sinalización dos recursos turísticos cara á consolidación da oferta turística nas zonas rurais ao través da posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística.

As actuacións contempladas neste documento foron extraídas maioritariamente do informe do *Consortio de Turismo da Ribeira Sacra*², no que se fai unha avaliación na que tamén se valora a sinalización, tanto de acceso como do propio recurso. Tendo en conta a existencia de sinalización suficiente e clara para chegar ata o recurso, o bo estado das sinais, que estas sexan homologadas,...

O obxectivo deste documento é o de xustificar e definir as obras a realizar, de xeito que sirva de base para a súa contratación e posterior execución.

1 **RESOLUCIÓN** do 13 de setembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TU503D), DOG nº 180 de 17 de setembro de 2021.

2 **INFORME DE SINALIZACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN**, elaborado polo CONSORCIO DE TURISMO DA RIBEIRA SACRA entre xuño e novembro de 2020, con motivo da Candidatura de Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade, que se inclúe anexo a continuación.

INFORME DE SINALIZACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN

Entre xuño e novembro de 2020, con motivo da Candidatura de Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade, desde o Consorcio de Turismo contratouse a un consultor independente para que avaliara o estado dos recursos turísticos recollidos no mapa turístico e na páxina web do Consorcio.

Nesta avaliación entre outros elementos como o estado do recurso, aparcamento, accesibilidade,... tamén se valorou a sinalización, tanto de acceso como do propio recurso.

No caso da sinalización de acceso ao recurso os principais valores avaliados son a existencia de sinalización suficiente e clara para chegar ata o recurso, o bo estado das sinais e que estas sexan homologadas.

En canto a sinalización do propio recurso valorouse a existencia de sinalización, presenza de información en alomenos galego, castelán e inglés e que dispoña de código QR con enlace a audioguía da web do Consorcio.

Achegámoslle este informe para que o valoren e o teñan en conta á hora de mellorar a sinalización turística do seu concello.

O estado da sinalización e as propostas de mellora para os recursos do seu concello quedan recollidas na táboa da seguinte folla:

(No caso de ter realizadas intervencións desde a data da revisión, agradeceríamos que nolo comuniquen a través do email turismo@ribeirasacra.org)

Capela da Virxe do Monte	Acceso	Sinalizar dirección na rotonda de Luintra.
	Recurso	Colocar panel informativo de recurso (3 idiomas e código QR).
Embarcadoiro de Santo Estevo	Acceso	Correcta
	Recurso	Retirar ou renovar sinalización da Ruta do Viño e Ruta dos Ríos. Hai sinalización tapada polo “contenedor” á entrada do embarcadoiro. Sendo un punto de visitas tan importante sería interesante situar un mapa turístico de toda Ribeira Sacra.
Igrexa de San Cristovo de Armariz	Acceso	Sinalizar dirección na rotonda de Luintra, colocar sinal no cruce de Loña cara a Armariz, colocar un sinal por sentido no desvío da OU-0510 cara á igrexa.
	Recurso	Colocar panel informativo de recurso (3 idiomas e código QR).
Igrexa de San Martiño de Nogueira	Acceso	Retirar sinais duplicados e deteriorados no desvío da OU-0555 cara á igrexa, substituír por sinal homologado. Colocar sinal no cruce de saída de Luintra.
	Recurso	Retirar os sinais existentes moi deteriorados e colocar panel informativo de recurso (3 idiomas e código QR)
Mámoas das Cabanas	Acceso	Correcta
	Recurso	Correcta, engadir código QR.
Miradoiro de Moura	Acceso	Eliminar sinalización de Miradoiro da Lampa, que causa confusión. Colocar sinal no cruce da OU-0508 cara a Moura e outra no desvío de Alcouce.
	Recurso	Reempregar a mesa informativa existente ou repoñer vinilo informativo de recurso (3 idiomas e código QR)
Miradoiro de Penedos de Castro	Acceso	Substituír sinais existentes por homologados no desvío da OU-0508 cara a Paradela (nos dous sentidos). Debido á peculiaridade de que se atopa lonxe do lugar onde se aparca, sería

		interesante un panel no aparcamento informando da distancia ao miradoiro, percorrido e desnivel.
	Recurso	No camiño de acceso hai un sinal moi deteriorado, retirar ou substituír. Colocar mesa interpretativa (3 idiomas e código QR)
Miradoiro de Vilouxe	Acceso	Substituír sinais existentes por homologados no desvío da OU-0508 cara a Vilouxe (nos dous sentidos). Debido á peculiaridade de que se atopa lonxe do lugar onde se aparca, sería interesante un panel no aparcamento informando da distancia ao miradoiro, percorrido e desnivel. Marcar o camiño de acceso cunha sinalización homoxénea e axeitada (actualmente con frechas pintadas de cores, pintura en postes,...)
	Recurso	Non existe, colocar mesa interpretativa (3 idiomas e código QR)
Miradoiro de Pé de Home e Pena do Pobre	Acceso	Retirar sinais deteriorados e substituír por homologado no desvío da OU-0508 cara Alberguería. Debido á peculiaridade de que se atopan lonxe do lugar onde se aparca, sería interesante un panel no aparcamento dos dous accesos informando da distancia aos miradoiros, percorrido e desnivel.
	Recurso	Non existe, colocar mesa interpretativa en cada un dos dous miradoiros (3 idiomas e código QR)
Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil	Acceso	Correcta
	Recurso	Renovar o vinilo da mesa informativa do miradoiro das escaleiras. Substituír o pequeno sinal existente do Consorcio por outro que permita engadir algo máis de información de tan importante recurso.
O Bambán do Solpør	Acceso	Sinalizar na rotonda de Luintra e colocar sinal no cruce da OU-0508 cara a Moura.
	Recurso	Non existe, pero quizáis non se precise.

Os Peares	Acceso	Unificar sinalización e retirar a antiga nos cruces da OU-0555 coa C-536 e da C-536 coa N-120.
	Recurso	
PRG- 178 Ruta de Maquino Largaño	Acceso	Correcta
	Recurso	Repasar sinalización do percorrido.
Luintra		Reorganizar e completar sinalización na rotonda de Luintra.

3. XUSTIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS PROPOSTAS

Segundo a resolución da *Axencia de Turismo de Galicia* da *Xunta de Galicia*³, as actuacións subvencionables abranguen:

- A) Actuacións de embelecemento dos accesos aos recursos turísticos da entidade solicitante, que poderán incluír:
 - Recuperación e tratamento paisaxístico do contorno dos recursos turísticos.
 - Iluminación ornamental dos recursos turísticos, xa sexa primeira instalación ou mellora, ampliación ou substitución da existente. Non será subvencionable a iluminación urbana da entidade local.
 - Recuperación e creación de miradoiros paisaxísticos, sendeiros, rutas ou outros elementos de interese turístico.
 - Adecuación de espazos destinados ao estacionamento de vehículos dos visitantes nos que a súa finalidade sexa reducir o impacto negativo que estes producen.

- B) Actuacións de embelecemento dos bens declarados de interese cultural ou cun procedemento de declaración xa iniciado, así como as que afecten o seu contorno de protección. Estas últimas poderán consistir en:
 - Embelecemento de vías.
 - Ocultamento de contedores de residuos.
 - Eliminación de cableado aéreo e antenas de comunicacións.

- C) Actuacións de posta en valor turístico dos recursos que poderán incluír as seguintes:
 - Rehabilitación ou restauración para a súa dedicación a usos turísticos distintos do aloxamento de persoas.
 - Recuperación de elementos de interese etnográfico ou da arquitectura tradicional.

3 RESOLUCIÓN do 13 de setembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TU503D), DOG nº 180 de 17 de setembro de 2021.

D) Actuacións de mellora da accesibilidade dos recursos turísticos:

- Eliminación de barreiras arquitectónicas no acceso aos bens, recursos e rutas turísticas.
- As destinadas a facilitar o acceso das persoas con algún tipo de discapacidade sensorial á información turística dos recursos.


E) Sinalización dos recursos turísticos.

A sinalización poderá comprender tanto a primeira instalación como a substitución da existente nos camiños e nas estradas das redes locais, provinciais e autonómica, así como nos núcleos urbanos cando esta se atope deteriorada ou obsoleta nos seus contidos e/ou imaxe.

Os materiais e características da sinalización deberán cumprir o disposto no manual oficial de sinalización turística da Xunta de Galicia, Decreto 85/2012, do 16 de febreiro (DOG núm. 47 do 7 de marzo), os correspondentes manuais de homologación de sendeiros conforme a normativa da Federación Galega de Montañismo e estar de acordo coa sinalización deseñada pola Axencia Turismo de Galicia para os centros BTT.

4. SITUACIÓN DAS ACTUACIÓNS PROPOSTAS

EMBARCADOIRO DE SANTO ESTEVO




O Embarcadero de Santo Estevo está no peirao situado no encoro de Sto. Estevo e conta con dous pantaláns, dende o que se pode realizar un paseo fluvial entre as paredes do Canón do Sil.

En este espazo valórase **intervir sobre a sinalización de acceso e de recurso**, mediante a retirada ou renovación da sinalización da Ruta do Viño e da Ruta dos Ríos. Hai sinalización tapada polo “contenedor” á entrada do embarcadero. Sendo un punto de visitas tan importante sería interesante situar un mapa turístico de toda Ribeira Sacra, así como un panel sobre a ruta de sendeirismo que parte dende o seu acceso.

PUNTO	X	Y
ACTUACIÓN	42.408.753	7.642.873

IGREXA DE SAN MARTIÑO DE NOGUEIRA




A Igrexa Parroquial de San Martiño de Nogueira é de orixe románica, as obras comezaron na segunda metade do s. XII, aínda que presenta outras intervencións realizadas no s.XVI e a principios do XX. Da fábrica románica consérvanse dúas portadas e os canecillos. A porta principal forma un abocinado de tres arquivoltas que descansan sobre catro columnas rematadas en capiteis decorados con motivos florais. No tímpano aparece un león esculpido sobre unha folla. A espadana, é xa obra da reforma do s. XVI.

En este espazo valórase **intervir sobre a sinalización de acceso e de recurso**, nos accesos dende a estrada, e no entorno do elemento patrimonial retirar os sinais existentes moi deteriorados e colocar un panel informativo de recurso (3 idiomas e código QR).

PUNTO	X	Y
ACTUACIÓN	42.418.766	7.748.983

IGREXA DE SAN CRISTOVO DE ARMARIZ




A Igrexa de San Cristovo de Armariz é de orixe románica, e xa aparece nomeada en documentos do s. XII. Actualmente, ten planta e ábside rectangular. A fachada oposta, a poñente, mostra unha portada románica con arquivolta e baquetón, unha media cana e semiesferas ou bólas de Ávila. O tímpano é liso. As arquivoltas descansan sobre capiteis e columnas encostadas. A fachada, cun óculo circular, remátase nunha espadana de dous arcos. No ábside ábrese pequenos vans decorados con elementos antropomorfos, zoomorfos e fitomorfos.

En este espazo valórase **intervir sobre a sinalización de acceso e de recurso**, retirar o panel existente moi deteriorado e colocar un panel informativo de recurso (3 idiomas e código QR).

PUNTO	X	Y
ACTUACIÓN	42.371.627	7.720.361

DESVÍO A NOGUEIRA DE RAMUÍN DENDE A N-120




Plantéxase intervir nos accesos dende a N-120 e a N-120a, unha das principais vías de acceso turístico á Ribeira Sacra en dirección a Luíntra (capital municipal) e ao Parador de Sto. Estevo.

En estes espazos valórase **intervir sobre a sinalización de acceso**, retirar os paneis existentes moi deteriorados, organizalos e agrupalos; colocando novos paneis de acceso nos que se completen as carencias detectadas (Luíntra, Parador de Sto Estevo,...).

PUNTO	X	Y
ACTUACIÓN 1	42.441.717	7.743.936
ACTUACIÓN 2	42.432.561	7.750.253

MIRADROIRO DE PENEDOS DO CASTRO




Dende o xacemento da idade do ferro, ademais dos seus valores patrimoniais e históricos, poderemos obter as mellores instantáneas do Mosteiro de Santo Estevo e da súa contorna. Un precioso miradoiro ao que accederemos dende o lugar de Pombar ou ascendendo desde o mesmo pobo de Santo Estevo e que forma parte do percorrido do chamado Camiño Natural da Ribeira Sacra.

En este espazo valórase **intervir sobre a sinalización de acceso**, substituíndo as sinais existentes por unhas homologadas no desvío da OU-0508 cara a Paradela (nos dous sentidos), así como poñer dobre sinal (derivación Penedos do Castro / mosteiro Sto. Estevo).

PUNTO	X	Y
ACTUACIÓN	42.413.242	7.695.614


ROTONDA EN LUINTRA



En este espazo valórase **intervir sobre a sinalización de accesos**, reorganizando e completando a sinalización turística e informativa en toda a rotonda de Lúintra, un dos puntos estratéxicos de distribución dos itinerarios e recursos turísticos. Na rotonda de Lúintra actualmente atopanse infinidade de elementos, algúns deles en moi mal estado, outros de difícil visualización,...., dando unha mala imaxe tanto dos recursos ofertados, como do propio núcleo pola cantidade de elementos e a súa caótica distribución. Asemade contéplase **intervir sobre a sinalización de recurso** coa instalación dun panel explicativo na praza de Lúintra (nas inmediacións da propia rotonda) que recolla os recursos da mesma (a Igrexa e a escultura de Failde).

PUNTO	X	Y
ACTUACIÓN	42.410.658	7.726.488

ÁREA DE DESCANSO DA RUTA MAQUINO LARGAÑO




PRG- 178 Ruta de Maquino Largaño. Trátase dunha ruta circular de sendeirismo que conta con unha lonxitude de 14,50 km, e unha ruta asociada para BTT, que conecta algúns dos máis importantes recursos turísticos da Ribeira Sacra.

En este espazo valórase **intervir sobre a sinalización de acceso e de recurso**, intervindo na área de descanso asociada á ruta, no propio núcleo de Luintra, sumando esforzos aos actualmente desenvolto polo propio concello en aras do embelecemento e humanización do entorno.

Así contéplase a substitución, organización e complementación da sinaléctica existente que se atopa en mal estado de conservación, así como implementar a sinalización de recurso dentro da propia área coa instalación dun panel explicativo.

PUNTO	X	Y
ACTUACIÓN	42.411.960	7.727.552

NECRÓPOLE MEGALÍTICA DE MÁMOAS DA MOURA




Trátase dun excepcional conxunto arqueolóxico megalítico composto por unha necrópole de monumentos funerarios asociados ao calcolítico-neolítico que tivo o seu maior desenvolvemento en torno ao IIIº milenio antes da nosa era.

En este espazo valórase **intervir sobre a sinalización de acceso**, intervindo no desvío dende a estrada que parte do núcleo de Luintra, mediante a substitución, organización e complementación da sinaléctica existente que se atopa en mal estado de conservación.

Igualmente valórase **intervir sobre a sinalización de recurso**, intervindo na sinaléctica asociado ao propio conxunto arqueolóxico, mediante a substitución, organización e complementación da sinaléctica existente que se atopa repetida (actualmente conta con tres paneis explicativos xuntos con distintas informacións, algunhas repetidas, distintas tipoloxías e tamaños de panel,...) e en mal estado de conservación, actualizando a sinalización de recurso dentro da propia área coa instalación dun panel explicativo.

PUNTO	X	Y
ACTUACIÓN	42.414.925	7.718.167

CONXUNTO ETNOGRÁFICO DE FONTEFRÍA




Trátase dun excepcional conxunto etnográfico situado no núcleo de Fontefría aorredor da capela, composto por unha aira de mallar, un conxunto de hórreos e unha gran cantidade de muros de peche realizados coa técnica de *pedra seca*.

En este espazo valórase **intervir sobre a sinalización de acceso**, intervindo no desvío dende a estrada que parte do núcleo de Luintra.

Igualmente valórase **intervir sobre a sinalización de recurso**, intervindo na sinalética asociado ao propio conxunto etnográfico, mediante a xeración de unha sinalización de recurso no entorno da propia área coa instalación dun panel explicativo.

PUNTO	X	Y
ACTUACIÓN	42.409.326	7.745.657

EMBELECEMENTO DA VÍA DE ACCESO AO BIC PARADOR DE SANTO ESTEVO DE RIBAS DE SIL (PAVEMENTACIÓN)



O Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil é Monumento Histórico-Artístico declarado BIC dende o ano 1923. Trátase dun mosteiro beneditino situado no característico bosque caducifolio, cuxa existencia está documentalmente probada dende o século X, aínda que a súa orixe parece remitirse aos séculos VI e VII. A Igrexa é de base románica pero con elementos de estilo gótico, observables na súa planta basilical de tres naves e tres ábsidas semicirculares. A destacar os arcos de medio punto, o retablo de pedras e as bóvedas. Mosteiro con fachada barroca do século XVIII e tres claustros (un románico - gótico e dous renacentistas).

En este espazo valórase **intervir sobre o espazo de acceso**, mellorando a pavimentación da vía de acceso ao propio mosteiro e Parador de Sto. Estevo coa substitución de algunha das lousas que se atopan en mal estado (fracturas, roturas, faltas,...).

PUNTO	X	Y
ACTUACIÓN	42.417.043	7.686.539

5. ESTADO ACTUAL

EMBARCADIOIRO DE SANTO ESTEVO





IGREXA DE SAN MARTIÑO DE NOGUEIRA





IGREXA DE SAN CRISTOVO DE ARMARIZ



DESVÍO A NOGUEIRA DE RAMUÍN DENDE A N-120





MIRADOIRO DE PENEDOS DO CASTRO



ROTONDA EN LUINTRA





ÁREA DE DESCANSO DA RUTA MAQUINO LARGAÑO



NEGR3POLE MEGALÍTICA DE MÁMOAS DA MOURA



CONXUNTO ETNOGRÁFICO DE FONTEFRÍA





EMBELECEMENTO DA VÍA DE ACCESO AO BIC PARADOR DE SANTO ESTEVO DE RIBAS DE SIL (PAVEMENTACIÓN)





6. MEMORIA DESCRIPTIVA

Segundo se recolle nos distintos apartados de este relatorio as actuacións contempladas na presente actuación consisten na **mellora da sinalización e das infraestruturas turísticas no Concello de Nogueira de Ramuín**.

Así as actuacións recollidas van en dúas liñas:

A intervención sobre a **sinalización turística do elemento**. Mediante a actuación sobre a sinalización de acceso ao recurso, xa sexa en desvío dende unha estrada, xa mediante a substitución, organización e complementación da sinalética existente que se atope en mal estado de conservación, xa coa xeración de paneis indicadores de sitio ou de traxecto,..... Ou ben a actuación sobre a sinalización de recurso, intervindo na sinalética asociado ao elemento, mediante a xeración de unha sinalización de recurso no seu entorno coa instalación dun panel explicativo, ou mediante a substitución, organización e complementación da sinalética existente, actualizando a sinalización de recurso coa instalación dun panel explicativo.

Os materiais e características da sinalización cumprirán o disposto no manual oficial de sinalización turística da Xunta de Galicia, Decreto 85/2012, do 16 de febreiro (DOG núm. 47 do 7 de marzo), os correspondentes manuais de homologación de sendeiros conforme a normativa da Federación Galega de Montañismo e estarán de acordo coa sinalización deseñada pola *Axencia Turismo de Galicia* para os centros BTT.

As **actuacións singulares** como son a intervención sobre o espazo de acceso, mellorando a pavimentación da vía de acceso ao *mosteiro e Parador de Sto. Estevo* coa substitución de algunha das lousas que se atopan en mal estado (fracturas, roturas, faltas,...).

EMPRAZAMENTO	ACTUACIÓN
Embarcadoiro Santo Estevo	sinalización de acceso sinalización de recurso
Igrexa de San Martiño de Nogueira	sinalización de acceso sinalización de recurso
Igrexa de San Cristovo de Armariz	sinalización de acceso sinalización de recurso
Desvío a Nogueira dende a N-120	sinalización de acceso
Miradoiro de Penedos do Castro	sinalización de acceso
Rotonda en Luintra	sinalización de acceso sinalización de recurso
Área de descanso da Ruta Maquino Largaño	sinalización de acceso sinalización de recurso
Necrópole megalítica de Mámoas da Moura	sinalización de acceso sinalización de recurso
Conxunto etnográfico de Fontefría	sinalización de acceso sinalización de recurso
BIC Parador de Santo Estevo de Ribas de Sil	actuación singular. Embelecemento da vía de acceso (pavementación)

6.1. TIPOLOXÍA DA SINALIZACIÓN DE ACCESO

MODELO A-1

SINALIZACIÓN DINÁMICA DIRECCIONAL ESTRADA




DIRECCIONAL INTERSECCIÓN
FRECHA

Solución gráfica

Permiten a sinalización de lugares de interese turístico en autoestrada ou autovía ou por unha estrada convencional.

SINALIZACIÓN DINÁMICA DIRECCIONAL ESTRADA



DIRECCIONAL INTERSECCIÓN
FRECHA

Sistema cotado / materiais

Dimensións
Variable segundo a súa situación e contido, dedúzanse do tamaño dos caracteres utilizados.

Materiais recomendados:

Soportes:
2 postes de aceiro galvanizado

Frecha:
Aceiro galvanizado.

Decoración:

Vinilos autoadhesivos cortados por plotter.

Material reflector.

Segun Orde circular 325/97 T

Zonas periurbanas e autoestradas / autovías: nivel III


Estrada convencional: nivel II

Os textos realizaranse sempre con alfabeto CCRIGE e AUTOESTRADA de acordo co indicado na Instrución 8.1-I.C.


A cor de fondo dependerá da categoría do elemento que se reflecta.

MODELO A-2

SINALIZACIÓN DINÁMICA DIRECCIONAL NÚCLEO URBANO



SINALIZACIÓN DINÁMICA DIRECCIONAL NÚCLEO URBANO



DIRECCIONAL URBANA TRÁFICO RODADO

Solución gráfica

Estes paneis permiten a sinalización direccional dos lugares de interese turístico dentro dos núcleos urbanos.

A súa situación deberá ser elixida segundo as recomendacións para a sinalización informativa urbana A.I.M.P.E.

A cor dos soportes virá definida pola Administración competente ou a dirección facultativa encargada do proxecto de sinalización.

DIRECCIONAL URBANA TRÁFICO RODADO

Sistema cotado / materiais

Dimensións:

Bandexas direccionais: 1.600 x 300 mm. / 1.300 x 300 mm.

Materiais recomendados:

Bandexa de aluminio formada por perfil perimetral de 53 mm de largura con cara dianteira e traseira en chapa de aluminio.

Poste de aluminio estriado de diámetro variable en función do número de paneis que vai soportar, incorporando corrediza telescópica para a instalación de bandexas.

Decoración:

Vinilos autoadhesivos cortados por plotter.

Material reflector nivel I

	Para indicar un destino a que se accede por autoestrada ou autovía. Pantone Blue 072 C.
AZUL	
	Para indicar os nomes de cidades ás cales se accede por unha estrada convencional, así como distritos urbanos, urbanizacións, barrios e, en xeral, zonas en que son aplicables normas de circulación urbana, ou outros de interese público que non teñan asignada unha cor específica.
BRANCO	
	Para indicacións de natureza turística non monumental nin xeográfica e, en xeral, para indicar os lugares de interese para o viaxeiro como oficinas de turismo, clubs automobilísticos, aparcadoiros, aeroportos, portos, estacións, hotels, cámpings etc. Pantone Yellow C.
AMARELO	
	Para indicacións de tipo deportivo ou recreativo, como estadios, prazas de deportes, pistas de atletismo, piscinas, prazas de touros etc. Pantone Orange 021 C.
LARANXA	
	Para indicacións de tipo monumental ou cultural como museos, catedrais, castelos, ruínas prehistóricas. Pantone Purple C.
VIOLETA	
	Para indicar os nomes de rúas, avenidas, prazas, rotondas etc. Tamén se utilizarán para indicar un destino que se alcance por unha vía rápida, utilizando sempre o pictograma correspondente.
VERDE	Pantone 363 C.
	Para indicacións de tipo xeográfico ou ecolóxico (parques, ríos, lagos etc.). Pantone 160 C.
MARRÓN	
	Para indicar zonas de importante atracción de camiións, mercadorías e tráfico industrial, como fábricas, depósitos, silos, zonas de aparcadoiro de vehículos pesados etc. Pantone Cool Grey 9 C.
GRIS	

DIRECCIONAL URBANA. TRÁFICO RODADO


Codificación de cores

Facilitarase o establecemento dunha relación entre o punto de destino que se sinalize e a cor de fondo.

Código de cores A.I.M.P.E.

6.2. TIPOLOXÍA DA SINALIZACIÓN DE RECURSO

MODELO R-1



MODELO R-2

SINALIZACIÓN ESTÁTICA PATRIMONIO MONUMENTAL




IDENTIFICATIVO / INTERPRETATIVO DE
ELEMENTO CULTURAL.
OPCIÓN EXENTO
Versión principal

Solución gráfica

Uso

Estes paneis permiten a sinalización dos monumentos e edificios singulares que teñan un valor histórico e cultural.

SINALIZACIÓN ESTÁTICA PATRIMONIO MONUMENTAL



IDENTIFICATIVO / INTERPRETATIVO DE
ELEMENTO CULTURAL.
OPCIÓN ACAROADO

Sistema cotado / materials

Dimensións:

400 x 650 mm

Estrutura soporte:

Catro poutas de fixación en aceiro inoxidable.

Soporte gráfico:


Bandexa de aluminio.

Decoración:

Impresión dixital con tintas ecosolventes sobre vinilos autoadhesivos.

Posibilidade de substituír o panel de aluminio por metacrilato.

SINALIZACIÓN ESTÁTICA PATRIMONIO MONUMENTAL



IDENTIFICATIVO / INTERPRETATIVO DE
ELEMENTO CULTURAL.
OPCIÓN EXENTO
Versión principal

Sistema cotado / materials

Dimensións:

Panel: 400 x 650 mm
Altura: 1.800 mm.

Soporte:

Formado por 2 postes octogonais de aluminio pintados en RAL 9006.

Panel formado por bandexas de aluminio.

Decoración realizada mediante impresión dixital con tintas ecosolventes sobre vinilos.

Posibilidade de substituír o panel de aluminio por metacrilato.

MODELO R-3

SINALIZACIÓN ESTÁTICA PATRIMONIO NATURAL



DIRECTORIO PLANÍMETRO NATURAL
Versión principal


Solución gráfica

Uso

Paneis de identificación de praias e espazos naturais con directorio de servizos, incorporan todos os datos e características da praia ou espazo representado.

Informan da clasificación, equipamentos, infraestruturas e recomendacións de uso público.

SINALIZACIÓN ESTÁTICA PATRIMONIO NATURAL



DIRECTORIO PLANÍMETRO NATURAL

Sistema cotado / materiais

Dimensións:

Panel: 400 x 650 mm.

Altura: 1.800 mm.

Soporte:

Formado por 2 postes octogonais de aluminio pintados en RAL 9006.

Panel formado por bandexas de aluminio.

Decoración realizada mediante impresión dixital con tintas ecosolventes sobrevinilos.

6.3. ACTUACIÓNS SINGULARES

PAVEMENTACIÓN

Contémplase a intervención sobre o espazo de acceso, mellorando a pavimentación da vía de acceso ao *mosteiro e Parador de Sto. Estevo* coa substitución de algunha das lousas que se atopan en mal estado (fracturas, roturas, faltas,...), segundo as especificacións recollidas no seguinte apartado.

7.SOLUCIÓN ADOPTADA

A continuación faise un relatorio das acción a executar en cada unha das ubicacións seleccionadas, segundo os criterios técnicos establecidos e as recomendacións emanadas do informe do *Consortio de Turismo da Ribeira Sacra*⁴. Toda esta información vese complementada pola documentación técnica e a medición anexa ao presente proxecto de execución.

4 INFORME DE SINALIZACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN, elaborado polo CONSORCIO DE TURISMO DA RIBEIRA SACRA entre xuño e novembro de 2020, con motivo da Candidatura de Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade, que se inclúe no anexo ao presente documento.

7.1. EMBARCADOIRO DE SANTO ESTEVO

No embarcadoiro de Santo Estevo está contemplado **intervir sobre a sinalización de acceso e de recurso**, mediante:

- A renovación da sinalización de acceso dende o desvío que parte da estrada.
- A retirada e renovación da sinalización da Ruta do Viño e da Ruta dos Ríos.
- Actualización e reorganización da sinalización tapada polo “contenedor” á entrada do embarcadoiro.
- Colocación de un panel que conteña un mapa turístico de toda Ribeira Sacra, xa que se trata dun punto de visitas moi importante, panel informativo de recurso (3 idiomas e código QR).
- Colocación de un panel sobre a ruta de sendeirismo que parte dende o acceso, panel informativo de recurso (3 idiomas e código QR).

PUNTO	TIPOLOXÍA	CANTIDADE
ACCESO	A-1. sinalización dinámica direccional de estrada	2
ROTONDA ACCESO	A-2. sinalización dinámica direccional de núcleo urbano	1
	R-3. sinalización estática patrimonio natural	1
EMBARCADOIRO	A-2. sinalización dinámica direccional de núcleo urbano	1
	R-1. sinalización estática patrimonio_directorio planimétrico	1

SOLUCIÓN ADOPTADA_

EMBARCADOIRO DE SANTO ESTEVO




CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN



ACTUACIÓN 1. ACCESO

ACTUACIÓN 3. EMBARCADOIRO

ACTUACIÓN 2. ROTONDA ACCESO



Escala: 1:2.257 611435,87, 4695503,09 -7.64586, 42.40383

7.2. IGREXA DE SAN MARTIÑO DE NOGUEIRA

En relación coa Igrexa de San Martiño de Nogueira está contemplado **intervir sobre a sinalización de acceso e de recurso**, mediante:

- A renovación da sinalización de acceso dende o desvío que parte da estrada, actualizando e homologando os contidos.
- A retirada, renovación de elementos, actualización de contidos e reorganización da sinalización no entorno da Igrexa.
- Colocación de un panel explicativo no entorno da Igrexa, panel informativo de recurso (3 idiomas e código QR).

PUNTO	TIPOLOXÍA	CANTIDADE
ACCESO	A-1. sinalización dinámica direccional de estrada	2
RECURSO	R-2. sinalización estática patrimonio cultural	1

SOLUCIÓN ADOPTADA_

IGREXA DE SAN MARTIÑO DE NOGUEIRA



CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN

escala 1:564



ACTUACIÓN 1. ACCESO

ACTUACIÓN 2. RECURSO

ACTUACIÓN 1. ACCESO

7.3. IGREXA DE SAN CRISTOVO DE ARMARIZ

En relación coa Igrexa de San Cristovo de Armaríz está contemplado **intervir sobre a sinalización de acceso e de recurso**, mediante:

- A renovación da sinalización de acceso dende os desvíos que parten da estrada, actualizando e homologando os contidos.
- A retirada, renovación de elementos, actualización de contidos e reorganización da sinalización no entorno da Igrexa.
- Colocación de un panel explicativo no entorno da Igrexa, panel informativo de recurso (3 idiomas e código QR).

PUNTO	TIPOLOXÍA	CANTIDADE
ACCESO	A-1. sinalización dinámica direccional de estrada	3
RECURSO	R-2. sinalización estática patrimonio cultural	1

SOLUCIÓN ADOPTADA_

IGREXA DE SAN CRISTOVO DE ARMARIZ



CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN

escala 1:1.128



ACTUACIÓN 1. ACCESO

ACTUACIÓN 1. ACCESO

ACTUACIÓN 1. ACCESO

ACTUACIÓN 2. RECURSO

30m

604928,42, 4691794,99 -7.72559, 42.37135

7.4. DESVÍO A NOGUEIRA DE RAMUÍN DENDE A N-120

Plantéxase intervir nos accesos dende a N-120 e a N-120a, unha das principais vías de acceso turístico á Ribeira Sacra en dirección a Luíntra (capital municipal) e ao Parador de Sto. Estevo. De xeito está contemplado **intervir sobre a sinalización de acceso**, mediante:

- A renovación da sinalización de acceso dende os desvíos que parten das estradas N-120 e a N-120a, actualizando e homologando os contidos.
- A retirada, renovación de elementos, actualización de contidos e reorganización da sinalización.

PUNTO	TIPOLOXÍA	CANTIDADE
ACCESO 1	A-1. sinalización dinámica direccional de estrada	4
ACCESO 2	A-1. sinalización dinámica direccional de estrada	2
	A-2. sinalización dinámica direccional de núcleo urbano	2


SOLUCIÓN ADOPTADA_

DESVÍO A NOGUEIRA DE RAMUÍN DENDE A N-120



escala 1:4.514

CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN



4698293.04 -7.75819, 42.43023

7.5. MIRADROIRO DE PENEDOS DO CASTRO

En relación co Miradoiro de Penedos do Castro está contemplado **intervir sobre a sinalización de acceso**, mediante:

- A renovación da sinalización de acceso dende os desvíos que parten da estrada, actualizando e homologando os contidos.
- Substitución das sinais existentes por unhas homologadas no desvío da OU-0508 cara a Paradela (nos dous sentidos)
- A xeración de sinalización de acceso, poñendo dobre sinal (coa derivación Penedos do Castro / mosteiro Sto. Estevo)

PUNTO	TIPOLOXÍA	CANTIDADE
ACCESO	A-1. sinalización dinámica direccional de estrada	4

SOLUCIÓN ADOPTADA_

MIRADOIRO DE PENEDOS DO CASTRO



escala 1:1.128

CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN



ACTUACIÓN 1. ACCESO

ACTUACIÓN 2. RECURSO

ACTUACIÓN 3. RECURSO

-7.69609, 42.41255

7.6. ROTONDA EN LUÍNTRA

Plantéxase intervir **sobre a sinalización de accesos**, reorganizando e completando a sinalización turística e informativa en toda a rotonda de Luíntra, un dos puntos estratéxicos de distribución dos itinerarios e recursos turísticos. Na rotonda de Luíntra actualmente atopanse infinidade de elementos, algúns deles en moi mal estado, outros de difícil visualización,....., dando unha mala imaxe tanto dos recursos ofertados, como do propio núcleo pola cantidade de elementos e a súa caótica distribución. Asemade contéplase a instalación dun panel explicativo na praza de Luíntra (nas inmediacións da propia rotonda) que recolla os recursos da mesma (a Igrexa e a escultura de Failde). De xeito está contemplado intervir mediante:

PUNTO	TIPOLOXÍA	CANTIDADE
ROTONDA	A-1. sinalización dinámica direccional de estrada	4
	A-2. sinalización dinámica direccional de núcleo urbano	4
PRAZA	R-2. sinalización estática patrimonio cultural	1

SOLUCIÓN ADOPTADA_

ROTONDA EN LUINTRA



CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN

escala 1:564



ACTUACIÓN 2. PRAZA

ACTUACIÓN 1. ROTONDA

7.7. ÁREA DE DESCANSO DA RUTA MAQUINO LARGAÑO

PRG- 178 Ruta de Maquino Largaño. Trátase dunha ruta circular de sendeirismo que conta con unha lonxitude de 14,50 km, e unha ruta asociada para BTT, que conecta algúns dos máis importantes recursos turísticos da Ribeira Sacra.

En este espazo valórase **intervir sobre a sinalización de acceso e de recurso**, intervindo na área de descanso asociada á ruta, no propio núcleo de Luintra, sumando esforzos aos actualmente desenvolto polo propio concello en aras do embelecemento e humanización do entorno.

En relación coa área de descanso da Ruta de Maquino Largaño en Luintra está contemplado **intervir sobre a sinalización de acceso e de recurso**, mediante:

- A renovación da **sinalización de acceso** e dos desvíos que parten do entorno, actualizando e homologando os contidos.
- A xeración de sinalización de acceso, poñendo dobre sinal.
- Xerar a **sinalización de recurso** con un novo panel de características homologadas do elemento, xerando contidos e a colocación do panel explicativo no entorno da área, panel informativo de recurso (3 idiomas e código QR).

PUNTO	TIPOLOXÍA	CANTIDADE
ACCESO	A-1. sinalización dinámica direccional de estrada	2
RECURSO	R-3. sinalización estática patrimonio cultural	1

SOLUCIÓN ADOPTADA_

ÁREA DE DESCANSO DA RUTA MAQUINO
LARGAÑO



CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN

escala 1:564



ACTUACIÓN 2. RECURSO

ACTUACIÓN 1. ACCESOS

7.8. NECRÓPOLE MEGALÍTICA DE MÁMOAS DA MOURA

Trátase dun excepcional conxunto arqueolóxico megalítico composto por unha necrópole de monumentos funerarios asociados ao calcolítico-neolítico que tivo o seu maior desenrolo en torno ao IIIº milenio antes da nosa era.

En este espazo valórase **intervir sobre a sinalización de acceso**, intervindo no desvío dende a estrada que parte do núcleo de Luintra, mediante a substitución, organización e complementación da sinalética existente que se atopa en mal estado de conservación.

Igualmente valórase **intervir sobre a sinalización de recurso**, intervindo na sinalética asociado ao propio conxunto arqueolóxico, mediante a substitución, organización e complementación da sinalética existente que se atopa repetida (actualmente conta con tres paneis explicativos xuntos con distintas informacións, algunhas repetidas, distintas tipoloxías e tamaños de panel,...) e en mal estado de conservación, actualizando a sinalización de recurso dentro da propia área coa instalación dun panel explicativo.

- A renovación e substitución da sinalización de acceso dende os desvíos que parten da estrada, actualizando e homologando os contidos.
- Reemplazar a **sinalización de recurso** por un novo panel de características homologadas, que substitúa aos paneis existentes. Incluindo a retirada, renovación do elemento, actualización de contidos e colocación de un panel explicativo no entorno do existente no xacemento, panel informativo de recurso (3 idiomas e código QR).

PUNTO	TIPOLOXÍA	CANTIDADE
ACCESO	A-1. sinalización dinámica direccional de estrada	2
RECURSO	R-3. sinalización estática patrimonio cultural	1

SOLUCIÓN ADOPTADA_

NECRÓPOLE MEGALÍTICA DE MÁMOAS DA MOURA



escala 1:1.128

CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN

ACTUACIÓN 2. RECURSO

ACTUACIÓN 1. ACCESOS

4696636.21 -7.71891, 42.41488

7.9. CONXUNTO ETNOGRÁFICO DE FONTEFRÍA

Trátase dun excepcional conxunto etnográfico situado no núcleo de Fontefría aorredor da capela, composto por unha aira de mallar, un conxunto de hórreos e unha gran cantidade de muros de peche realizados coa técnica de *pedra seca*.

En este espazo valórase **intervir sobre a sinalización de acceso**, intervindo no desvío dende a estrada que parte do núcleo de Luintra.

Igualmente valórase **intervir sobre a sinalización de recurso**, intervindo na sinalética asociado ao propio conxunto etnográfico, mediante a xeración de unha sinalización de recurso no entorno da propia área coa instalación dun panel explicativo.

En relación co conxunto etnográfico situado no núcleo de Fontefría está contemplado **intervir sobre a sinalización de acceso e de recurso**, mediante:

- A xeración da sinalización de acceso dende os desvíos que parten da estrada, actualizando e homologando os contidos.
- A xeración de contidos e organización da sinalización no entorno do conxunto.
- Colocación de un panel explicativo no do conxunto, panel informativo de recurso (3 idiomas e código QR).

PUNTO	TIPOLOXÍA	CANTIDADE
ACCESO	A-1. sinalización dinámica direccional de estrada	1
RECURSO	R-2. sinalización estática patrimonio cultural	1

SOLUCIÓN ADOPTADA_

CONXUNTO ETNOGRÁFICO DE FONTEFRÍA



CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN

escala 1:564



ACTUACIÓN 2. RECURSO

ACTUACIÓN 1. ACCESOS

10 20m

Escala: 1:564 603160.81, 4695901.84 -7.74632, 42.40857

7.10. VÍA DE ACCESO AO BIC STO ESTEVO DE RIBAS DE SIL

EMBELECEMENTO DA VÍA DE ACCESO AO BIC PARADOR DE SANTO ESTEVO DE RIBAS DE SIL (PAVEMENTACIÓN)

O Mosterio de Santo Estevo de Ribas de Sil é Monumento Histórico-Artístico declarado BIC dende o ano 1923. Trátase dun mosteiro beneditino situado no característico bosque caducifolio, cuxa existencia está documentalmente probada dende o século X, aínda que a súa orixe parece remitirse aos séculos VI e VII. A Igrexa é de base románica pero con elementos de estilo gótico, observables na súa planta basilical de tres naves e tres ábsidas semicirculares. A destacar os arcos de medio punto, o retablo de pedras e as bóvedas. Mosteiro con fachada barroca do século XVIII e tres claustros (un románico - gótico e dous renacentistas).

En este espazo valórase **intervir sobre o espazo de acceso**, mellorando a pavimentación da vía de acceso ao propio mosteiro e Parador de Sto. Estevo co axuste do aplacado e a substitución de algunha das lousas de granito que se atopan en mal estado (fracturas, roturas, faltas,...). Esta información vese completada coas medicións que acompañan ao presente documento.

PUNTO	TIPOLOXÍA	CANTIDADE
RECURSO	Actuación singular_ pavimentación	1

SOLUCIÓN ADOPTADA_

ACCESO STO ESTEVO DE RIBAS DE SIL (PAVEMENTACIÓN)



CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN

escala 1:564

ACTUACIÓN EN ACCESOS

escala: 1:564 608061.14, 4696824.31 -7.68661, 42.41621

8.ESPECIFICACIÓNS

PRAZOS DE EXECUCIÓN

O prazo de execución das obras previstas son de aproximadamente catro meses. Segundo o plan de traballo do presente proxecto.

PERMISO DO PROPIETARIO

O acceso aos terreos nos que se realizarán os traballos está autorizado polo promotor do proxecto, o **Concello de Nogueira de Ramuín**, que presenta o presente proxecto.

FINAL DA INTERVENCIÓN

A intervención darase por concluída cando se completen os obxectivos contidos no presente proxecto, nembargantes hai que sinalar a carga de aleatoriedade que leva implícita toda actividade, que pode implicar que o proceso sufra modificacións significativas, variacións sustanciais ou incluso a paralización do mesmo. Estas incidencias poden levar consigo a adecuación do orzamento á nova realidade da intervención.

Considérase asemade incidencia a modificación do proxecto de execución da obra cando isto implique a variación ou ampliación da mesma.

9. ORZAMENTO

Para a valoración da actuación procedeuse á asignación dos traballos a executar ás diferentes partidas extraídas das vixentes Bases de Precios da Construcción. De este xeito tendo en conta que xunto á execución do proxecto subvencionado é obxecto de subvención igualmente os custes xerais asociados, así para o desenvolvemento do expediente no que se contemplan o *Proxecto de mellora da sinalización e das infraestruturas turísticas no Concello de Nogueira de Ramuín (Nogueira de Ramuín, Ourense)*, establécese como orzamento a suma das seguintes partidas:

SINALIZACIÓN DE RECURSOS TURÍSTICOS

MODELO A-1. Sinalización dinámica direccional de estrada

Segundo manual oficial de sinalización turística da Xunta de Galicia
Cartel tipo flecha en chapa de aceiro galvanizado, retroreflectante clase RA3, i/ tornillería, elementos de fixación, postes e cimentación e transporte a lugar de emprego.
372 €/ unidade x 26 unidade9.672,00 €

MODELO A-2. Sinalización dinámica direccional de núcleo urbán

Segundo manual oficial de sinalización turística da Xunta de Galicia
Panel en lamas de aceiro galvanizado retroreflectante clase RA3, i/ p.p. de postes, escavación e formigonado de cimentos, totalmente colocado e transporte a lugar de emprego.
163,10 €/ unidade x 8 unidade1.304,80 €

MODELO R-1. Sinalización estática. Directorio planimétrico cultural

Segundo manual oficial de sinalización turística da Xunta de Galicia
Panel de tamaño de 140x110 cm en soporte de madeira tratada en autoclave, tipo IV con lámina de metacrilato de 3 mm con vinilo impreso en negativo, i/ p.p. de postes, escavación e formigonado de cimentos, totalmente colocado e transporte a lugar de emprego
1.108 €/ unidade x 1 unidade1.108,00 €

MODELO R-2. Sinalización estática Patrimonio Monumental

Segundo manual oficial de sinalización turística da Xunta de Galicia
Panel de tamaño 40x65 cm en soporte de madeira tratada en autoclave, tipo IV con lámina de metacrilato de 3 mm con vinilo impreso en negativo, i/ p.p. de postes, escavación e formigonado de cimentos, totalmente colocado e transporte a lugar de emprego.
507 €/ unidade x 4 unidade2.028,00 €

MODELO R-3. Sinalización estática. Recurso Patrimonial

Segundo manual oficial de sinalización turística da Xunta de Galicia
Panel de tamaño de 140x110 cm en soporte de madeira tratada en autoclave, tipo IV con lámina de metacrilato de 3 mm con vinilo impreso en negativo, i/ p.p. de postes, escavación e formigonado de cimentos, totalmente colocado e transporte a lugar de emprego.
973 €/ unidade x 4 unidade3.892,00 €

ACTUACIONES SINGULARES

AXUSTE DE APLACADO EN ACCESO A STO ESTEVO:

m². Demolición de pavimento de lousas de pedra, por medios manuais, i/retirada de escombros a pé de carga e p.p. de custes indirectos.

20 m² x 14,45 €/m²289,00 €

m². Solado de granito nacional con acabado rugoso, de 2 cm de espesor para exteriores recibido con morteiro de cemento e area de miga 1/6, i/cama de area de 2 cm, rexuntado e limpeza, s/ CTE BD SU y NTE-RSP.

20 m² x 83,30 €/m²1.666,00 €

HONORARIOS TÉCNICOS

Expediente, incluíndo a redacción do proxecto de intervención, a Dirección de

Obra, deseño de contidos, deseño gráfico así como os gastos derivados:1.041,23 €

TOTAL EXECUCIÓN	19.959,80 €
GASTOS XERAIS 13%	2.594,77 €
BENEFICIO INDUSTRIAL 6%	1.197,59 €
TOTAL HONORARIOS TÉCNICOS	1.041,2327 €

TOTAL NETO	24.793,39 €
I.V.E. 21%:	5.206,61 €
TOTAL	30.000,00 €